

REGULAMENTO PARA A ELECCIÓN DE CANDIDATO/A CABEZAS DE LISTA POR CADA CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL DE COMPROMISO POR GALICIA PARA AS ELECCIÓN DO CONGRESO E SENADO DO 28 DE ABRIL DE 2019.

Procedemento de elección.

Artigo 1. A elección das persoas que encabezarán as listaxes en cada circunscrición electoral realizarase mediante consulta a toda a afiliación. Haberá prazos e tempos marcados por un "**Calendario Electoral**" elaborado para este proceso.

Artigo 2. A votación realizarase nun espazo habilitado ao efecto, haberá 4 circunscricións correspondentes á cada unha das catro provincias galegas. Previo á votación establecerase un tempo limitado para a presentación por parte dos candidatos e candidatas da súa proposta. A votación será mediante voto segredo en urna.

No caso de haber máis de dúas persoas candidatas resultará elixida aquela que conte con máis do 50% dos votos a candidatos validamente emitidos. De non acadar dita porcentaxe, procederase a unha segunda volta de votación entre as dúas persoas candidatas máis votadas.

Artigo 3. No caso de acadarse un acordo de Coalición Electoral, a persoa elixida como cabeza de lista nas primarias de Compromiso por Galicia en cada provincia, ocupará o posto máis alto da lista electoral que, conforme ao devandito acordo de coalición, corresponda a Compromiso por Galicia na respectiva circunscrición.

Condición de elector.

Artigo 4. Terán a condición de electores para a elección dos cabeza de lista de cada unha das circunscricións os afiliados que, tendo un mes de antigüidade na data de votación e estando ao corrente de pago das cotas, residan no ámbito territorial da devandita circunscrición.

Condición de elixible

Artigo 5.

- a) Poderá ser candidato ou candidata á encabezar a candidatura electoral dunha circunscrición, calquera afiliado/a que estea inscrito no censo da mesma, que teña a condición recollida no Art. 4. e que conte co aval do 10% da afiliación desa circunscrición electoral.
- b) Poderá ser candidato ou candidata á encabezar a candidatura electoral dunha circunscrición, unha persoa de relevancia social, que sen estar no censo de afiliación conte co 30% de avais da afiliación da súa circunscrición.

Artigo 6. Cada afiliado/a poderá avalar unicamente a un candidato/a, de cada proceso (Congreso e Senado)

Artigo 7. Para facilitar o coñecemento das persoas candidatas aos electores, na páxina web de Compromiso, habilitarase un espazo específico para que os candidatos e candidatas inclúan a información sobre eles mesmos que consideren oportuna.

Censo electoral

Artigo 8. O censo electoral para a este proceso electoral estará conformado polo censo de **afiliación**, rexistrados no Partido.

Artigo 9. O prazo para pechar definitivamente o censo de afiliación rematará 7 días antes do día e hora de celebración da votación. Ate o momento de peche do censo, calquera afiliado/a pode actualizar as cotas que poida ter pendentes

Artigo 10. O censo de afiliación unha vez pechado poderá ser consultado polas persoas que se postulen para ser candidatos/as en calquera das dúas eleccións internas, baixo o compromiso de cumprimento do establecido na lei de protección de datos. Os datos a consultar serán os básicos (nome,apelidos,DI e territorio – provincia-).

Comisión Electoral.

Artigo 11. A Comisión Electoral Nacional terá como función velar polo correcto funcionamento de todo o proceso. Dita comisión terá entre os seus cometidos:

- a. Resolver as dúbidas ao longo do proceso.
- b. Ordenar o desenvolvemento da xornada de votación:
- c. Elaborar as normas (Calendario e Orde do Día), documentación e información precisa para a votación e recuento.
- d. Elaborar actas cos resultados e proclamar aos candidatos ou candidatas que resulten elixidos.
- e. Resolver as reclamacións que puideran presentarse no curso do proceso en relación co mesmo
- f. Regular aquelas cuestións non establecidas neste regulamento

Artigo 12. A Comisión Electoral Nacional estará conformada por 9 persoas e será validada polo CN, debendo como mínimo quedar garantido que entre as 9 elixidas hai un representante de cada circunscrición electoral. Dita comisión poderá estar participada por persoal técnico do Partido.

Artigo 13. A proposta de Comisión estará vinculada as seguintes responsabilidades: presidencia, secretaría, tesourería e área técnica.

Artigo 14. As reunións da Comisión poderán ser presenciais ou en rede on line, segundo acorden os seus membros.

Proceso de convocatoria e aprobación do calendario do proceso

Artigo 15. Cando o Consello Nacional acorde a convocatoria do proceso de Primarias, na mesma reunión e con puntos da orde do día explícitos deberá establecer:

- 1) Calendario Electoral completo.
- 2) Fórmula de presentación e defensa das candidaturas.
- 4) Recursos humanos e materiais á disposición das persoas candidatas e do proceso no seu conxunto.
- 5) Previsión orzamentaria e fontes de financiamento se fora necesario.

Presentación de candidaturas

Artigo 16. As persoas candidatas deberán expoñer a súa proposta de actuación programática encadrada nas bases ideolóxicas e políticas aprobadas por Compromiso por Galicia. Esta será exposta na sesión de escolla de candidatos e previa ao acto de votación.

Artigo 17. As persoas candidatas poderán designar entre a afiliación e simpatizantes o seu “equipo electoral” que deberá ser coñecido polo conxunto da organización e que poderán exercer funcións de representación e intervención no proceso electoral.

Proceso de votación

Artigo 18. A votación desenvolverase nunha sesión única e coincidente nas catro circunscricións. A ordenación e desenvolvemento da sesión será responsabilidade da comisión electoral.

Artigo 19. As mesas de votación serán propostas pola Comisión Electoral de entre a afiliación, e estará composta por 3 persoas que exercerán de presidencia, secretaría e vogal. A proposta debe garantir 2/1 no reparto de xénero.

Artigo 20. A Secretaría Técnica e a Secretaría de Organización farán chegar ás 4 mesas electorais toda a documentación e información precisa para o correcto desenvolvemento da votación e recuento.

Proclamación de candidato/a

Artigo 21. Serán proclamados candidatos ou candidatas as persoas que:

- a) Sendo candidatura única obteña máis do 50% dos votos válidos emitidos no seu correspondente circunscrición electoral
- b) Habendo varias persoas candidatas na votación, a que obteña o maior número de votos válidos emitidos, tendo en conta o estipulado no Artigo 2.

Artigo 22. A persoas que exerza de secretaria da comisión electoral levantará acta definitiva do recuento e proclamación provisional de candidatos, de acordo co establecido no artigo 1, sendo a persoa que preside a comisión electoral a encargada de dar a coñecer o resultado.

Artigo 23. Contra esta proclamación provisoria poderá poñerse reclamación ante a Comisión de Garantías e Contas por parte de calquera candidato/a nas 48 horas seguintes á mesma. De non presentarse reclamación a proclamación provisional tomará o carácter de definitiva. De existir reclamación a comisión deberá resolver no prazo máximo de 48 horas.

Artigo 24. A partir do cabeza de lista, o resto de membros das candidaturas, serán propostos dende as Agrupacións Locais e da propia Comisión Executiva Nacional. Poderán proporse (para postos a partir do primeiro) persoas con relevancia social contrastada, que mesmo sen seren afiliadas pero que contén co aval do 10% da afiliación da circunscrición.

Artigo 25. Será o Consello Nacional quen valore e ratifique as propostas de candidatos/as así como a orde definitiva de presentación oficial. A relación ordenada será proposta pola Comisión Electoral Nacional, o propio CN pode considerar adecuada a proposta ou de ser o caso modificala, previamente á aprobación definitiva.

Artigo. 26 para a elección de candidatos ao Senado, non se ten en conta as partes deste Regulamento que implican cabeza de lista, dado que para o Senado non se formula a proposta deste xeito, senón de lista simplemente.

Deputados/as a elixir:

A CORUÑA	8
LUGO	4
OURENSE	4
PONTEVEDRA	7

Senadores a presentar:

A CORUÑA	4	dos cales se elixen 3
LUGO	4	dos cales se elixen 3
OURENSE	4	dos cales se elixen 3
PONTEVEDRA	4	dos cales se elixen 3
GALICIA	1	por designación autonómica
GALICIA	2	un por cada millón de habitantes

Este Regulamento é aprobado definitivamente en reunión do Consello Nacional celebrado o 12 de marzo de 2019 na Sede Nacional de R/García Prieto, 53 bxo. Santiago de Compostela.

